

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), A SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DAS CIENCIAS DA VIDA (BIOGA), PARA A POSTA EN MARCHA DO FOCO DE EMPRENDIMENTO NO SECTOR BIOTECNOLÓXICO (BUSINESS FACTORY BIOTRACK – BFBOTRACK)

Dunha parte, MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, (DOG nº 73, do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), por razón do seu cargo de presidenta e en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica; e de XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (en diante, XesGalicia), na súa calidade de presidenta do seu Consello de Administración, en virtude do disposto no artigo 20 dos seus estatutos.

Doutra parte, José Manuel López Vilariño, con DNI [REDACTED], en calidade de presidente da ASOCIACIÓN CLÚSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DAS CIENCIAS DA VIDA (BIOGA), con NIF G70259312 e domicilio en Santiago de Compostela, rexistrada no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2010/014249-1ª, en uso das atribucións que lle confiren os seus estatutos no seu artigo 22.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que o Igape é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Entre as empresas participadas por Igape atópase XesGalicia, a cal é unha empresa pública que, desde o ano 1999, financia o desenvolvemento empresarial mediante participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas; outorga, como complemento, préstamos participativos ou préstamos ordinarios a longo prazo a empresas participadas, o que realiza a través da xestión e administración de diferentes e específicos fondos de investimento e dunha sociedade de capital risco.

II. Que BIOGA, Asociación Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida, é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar que representa ao sector das ciencias da vida en Galicia, especialmente o sector biotecnolóxico, e que ten como obxectivo fundamental promover a competitividade, innovación e cooperación das súas entidades asociadas, así como o desenvolvemento do ecosistema biotech galego.

III. Que a Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.

IV. Que a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

V. Que a visión definida pola RIS3 Galicia 21-27 concreouse en tres retos e tres prioridades. Os tres retos son: Reto 1 - Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación; Reto 2 - Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento; e Reto 3 - Modelo de vida



saudable baseado no envellecemento activo da poboación. As tres prioridades son: Prioridade 1 - Sustentabilidade; Prioridade 2 - Dixitalización; e Prioridade 3 - Enfoque cara ás persoas.

VI. Que a Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica en Galicia, ten por obxecto, consonte o establecido no seu artigo 1, a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, a través da xeración de cultura emprendedora, a formación, a flexibilización dos trámites administrativos, a ampliación dos prazos de validez dos permisos e a introdución de instrumentos financeiros, servizos específicos ás persoas emprendedoras e incentivos fiscais.

VII. Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación en Galicia, dispón no seu artigo 2 que a mesma ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.

Este programa alíñase tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, así como coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aliñándose cos tres retos e coas prioridades 1 (Sostibilidade) e 3 (Enfoque cara ás persoas). Asemade, contribúe ao obxectivo estratéxico 2, integrándose, polo tanto, no programa Innova e emprende da RIS3 de Galicia 2021-2027 e no programa Innovación e emprendemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

VIII. Consonte os antecedentes anteriormente indicados e as previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta o evidente beneficio que actividades como as desenvoltas por este tipo de programas reportan ao conxunto da sociedade, Igape, XesGalicia e BIOGA teñen interese en axuntar esforzos e poñer en común as súas sinerxías e experiencia en prol da potenciación de programas de emprendemento e innovación que, grazas as súas experiencias noutras iniciativas de fomento e apoio ao emprendemento, deberán constituír un inestimable incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para conseguir resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na posta en marcha do Foco de Emprendemento no Sector do biotecnolóxico (BUSINESS FACTORY BIOTRACK – BFBIOTRACK) e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes para a posta en marcha do Foco de Emprendemento no Sector Biotecnolóxico (Business Factory BIOTRACK – BFBIOTRACK) que implemente programas de apoio a iniciativas de aceleración avanzada de proxectos especializados no sector biotecnolóxico e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que capten e reteñan talento, e que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Co propósito de que **BFBIOTRACK** sexa un programa referente na Unión Europea en canto á promoción da innovación aberta e disruptiva no sector, contéplase a colaboración cos axentes necesarios para consolidar un ecosistema de innovación vertical no sector do biotecnolóxico en Galicia, que achegue os seguintes recursos:



- a) Aportación de recursos humanos, físicos e tecnolóxicos, coma por exemplo laboratorios ou equipamentos, por parte de BIOGA, especialmente a través da súa rede multisede entre Sionlla (Santiago de Compostela) e O Porriño, orientados á validación de solucións en contornos reais.
- b) Participación activa de empresas tractoras e pemes innovadoras na definición de retos, acompañamento e testado das solucións presentadas.
- c) Cofinanciamento público-privado, que inclúe achegas a fondo perdido, apoio de fondos de investimento e instrumentos de financiamento público para reducir riscos e facilitar a escalabilidade dos proxectos.
- d) Apoio na captación, mentorización e seguimento de startups e solucións innovadoras, así como a organización de actividades transversais para a xeración de comunidade, networking e posicionamento do sector biotech galego.

Segunda. Planificación de Business Factory BIOTRACK – BFBOTRACK

O presente convenio contempla a realización de **tres edicións** distribuídas nos anos 2026, 2027 e 2028. As edicións organizaranse nas seguintes actividades, que se detallan na cláusula terceira:

1. **Consulta ao mercado** para a definición do reto estratéxico que centrará cada edición, a través da participación activa das empresas tractoras e pemes innovadoras do sector biotecnolóxico galego.
2. **Captación e selección de proxectos**, centrada na identificación de startups e solucións que dean resposta ao reto definido.
3. **Execución da edición**, cun itinerario de apoio intensivo de doce meses de duración, orientado á validación no mercado, escalado e consolidación das solucións seleccionadas.
4. **Actividades transversais**, destinadas a fomentar a xeración de comunidade, a cooperación entre axentes do ecosistema biotech e a proxección internacional dos proxectos.

Terceira. Desenvolvemento de Business Factory BIOTRACK – BFBiotrack

Segundo se indica na cláusula segunda, cada edición de BFBOTRACK consta das seguintes actividades, que se desenvolverán segundo se explica a continuación:

Actividade 1: Consulta ao mercado

Obxectivo: identificar e definir de maneira colaborativa o reto tecnolóxico e/ou de innovación prioritario que servirá de base para cada edición do programa BFBOTRACK, asegurando a súa adecuación ás necesidades reais das empresas do ecosistema biotech galego e á evolución do mercado.

Descrición: o proceso de consulta ao mercado estrutúrase como unha convocatoria aberta dirixida ás empresas tractoras e pemes innovadoras pertencentes ao ecosistema biotech galego, así como a outras entidades relevantes do ámbito científico-tecnolóxico e empresarial. Esta convocatoria permitirá a recollida estruturada de necesidades, desafíos ou oportunidades estratéxicas que afecten de forma transversal ou específica ao desenvolvemento e fortalecemento do sector.

Unha vez recompiladas as propostas, realizarase un proceso de análise e priorización con apoio do equipo xestor e dos órganos de gobernanza do programa, que incluírá entrevistas individuais, dinámicas grupais ou mesas de traballo coas empresas participantes. O obxectivo será definir un único reto por edición, de alto impacto, con capacidade de atraer proxectos tractores de innovación e cun grao elevado de aplicabilidade no mercado.



A validación final do reto será responsabilidade do Consello Executivo, asegurando a súa coherencia coas prioridades estratéxicas de Galicia no ámbito da biotecnoloxía e da saúde.

Actividade 2: Captación e selección de proxectos

Obxectivo: identificar e seleccionar ata 8 proxectos/startups por edición que propoñan solucións innovadoras, viábles e con potencial de mercado para dar resposta ao reto estratéxico definido previamente no marco do programa BFBIOTRACK.

A selección de proxectos realizarase mediante un procedemento de concorrència competitiva, conforme aos principios establecidos no artigo 5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A concesión das axudas deriva directamente deste proceso de selección de proxectos sen necesidade de tramitar un novo procedemento competitivo.

Descrición: esta actividade comprende o deseño, lanzamento e execución dun proceso de captación e selección de proxectos a través dunha convocatoria pública, aberta a emprendedores, startups e empresas emerxentes do sector biotecnolóxico e afíns.

O proceso de captación incluírá accións de comunicación específicas, tanto online como presenciais, para garantir unha ampla difusión da convocatoria, así como a organización de sesións informativas dirixidas aos axentes do ecosistema emprendedor galego.

Unha vez recibidas as candidaturas, estas serán avaliadas a través dun proceso competitivo, que incluírá as seguintes fases:

- **Preavaliación documental:** baseada en criterios de encaixe co reto, grao de madurez tecnolóxica, impacto potencial e viabilidade do modelo de negocio.
- **Entrevistas individuais:** co equipo promotor para afondar no coñecemento da proposta.
- **Startup Day:** xornada presencial na que os proxectos preseleccionados participarán nunha dinámica de presentación, interacción e contraste con expertos, representantes do Consello de Entidades, do Consello Executivo e membros do equipo xestor.
- **Avaliación final:** por parte dun comité avaliador composto por profesionais de referencia no ámbito científico-técnico, empresarial e de investimento, que valorará de forma integral o equipo, a tecnoloxía, o modelo de negocio, o grao de adecuación ao reto e a súa capacidade de execución no marco do programa.

O proceso rematará coa selección de ata 8 proxectos ou startups que pasarán a formar parte do itinerario de aceleración avanzada de BFBIOTRACK.

Actividade 3: Execución do itinerario (12 meses)

Obxectivo: levar a cabo un proceso intensivo de acompañamento, validación no mercado e preparación para o crecemento sostible das startups seleccionadas, mediante un itinerario estruturado que combina mentorización, conexións co ecosistema, probas de concepto e apoio á comercialización e financiamento.

Descrición: Durante un período de 12 meses, os proxectos seleccionados accederán a un programa de aceleración avanzada especialmente deseñado para validar as súas solucións en contornos reais de mercado e reforzar a súa proposta de valor, o seu modelo de negocio e a súa capacidade de crecemento.

As principais accións que comprende esta fase son:



- **Probas de concepto:** desenvolvemento e execución de pilotos ou experimentacións tecnolóxicas en contornos reais, en colaboración directa coas empresas tractoras participantes no programa. Estas accións permitirán validar a viabilidade técnica e comercial das solucións propostas, facilitando un feedback valioso para o seu axuste e evolución.
- **Mentorización especializada:** cada proxecto contará cun itinerario de mentoring personalizado a cargo de profesionais de referencia nos eidos de negocio, tecnoloxía, regulación, financiamento e internacionalización. As sesións de mentoring estarán deseñadas para resolver retos concretos e acelerar a evolución dos proxectos cara á súa consolidación empresarial.
- **Acceso a infraestruturas e recursos:** os proxectos beneficiaranse do acceso preferente a espazos físicos, laboratorios, plantas piloto e outros recursos técnicos localizados nos hubs biotecnolóxicos da Sionlla (Santiago de Compostela) e O Porriño, adaptados ás súas necesidades específicas.
- **Apoio á comercialización e captación de financiamento:** proporcionarase asesoramento especializado e contactos clave para facilitar o lanzamento comercial das solucións, así como a obtención de financiamento público e privado, incluíndo o acompañamento para acceder a investidores e convocatorias públicas competitivas

Actividade 4: Actividades transversais e de xeración de comunidade

Obxectivo: consolidar e dinamizar o ecosistema biotech galego mediante a creación de espazos de encontro, aprendizaxe compartida e visibilidade, que favorezan a colaboración entre os axentes implicados e potencien a continuidade e impacto das solucións aceleradas.

Descrición: esta actividade ten como finalidade complementar o itinerario principal de aceleración mediante accións transversais que contribúan ao fortalecemento da comunidade emprendedora, científica e empresarial do sector biotecnolóxico galego. Trátase de fomentar a conexión entre startups, empresas tractoras, centros tecnolóxicos, entidades financeiras, administracións públicas e outros axentes clave do ecosistema.

As accións incluídas nesta actividade abranguen:

- Sesións de networking: encontros presenciais e/ou virtuais dirixidos a favorecer o intercambio de experiencias, oportunidades e boas prácticas entre os distintos axentes do ecosistema.
- Obradoiros especializados: formacións prácticas e participativas orientadas ao desenvolvemento de competencias clave (pitching, acceso a financiamento, internacionalización, certificacións, etc.) e ao reforzo das capacidades dos equipos promotores.
- Eventos sectoriais e xornadas de visibilidade: participación e/ou organización de encontros de referencia no ámbito biotech, tanto a nivel galego como nacional e internacional, para dar a coñecer os proxectos e posicionar a BFBIOTRACK como iniciativa tractora de innovación.
- Comunicación e divulgación: accións de difusión nos medios e canles especializadas que permitan achegar os logros e aprendizaxes da aceleradora ao conxunto da sociedade e dos axentes do ecosistema.

Cuarta. Bases do programa BFBIOTRACK

O funcionamento operativo de cada unha das edicións (bases) do programa **BFBIOTRACK** será elaborado con antelación suficiente a iniciativa do Equipo Xestor. Posteriormente, será sometido a



aprobación no Consello Executivo e difundido entre as partes implicadas e consideradas de relevancia polo equipo xestor. Estas bases do programa deberán recoller, como mínimo, os seguintes aspectos operativos:

- Requisitos para poder participar na convocatoria e forma de acreditarlos, respectando en todo caso os mínimos recollidos no convenio.
- Criterios obxectivos de selección dos proxectos participantes.
- Procedemento de selección (avaliación documental, entrevistas, participación en Startup Day).
- Prazo e forma de presentación de solicitudes.
- Medio de notificación e comunicación cos participantes.
- Causas de exclusión.
- Compromisos derivados da participación no programa.
- Protocolo de expulsión dos proxectos, con base no grao de incumprimento dos fitos ou obrigas asumidas.

Quinta. Condicións básicas dos proxectos participantes

Poderán optar á fase de aceleración avanzada e validación no mercado de BFBIOTRACK aqueles proxectos que así o soliciten e cumpran os seguintes criterios mínimos de elixibilidade:

- Presentar unha proposta aliñada co reto definido para cada edición.
- Desenvolver solucións innovadoras e/ou tecnolóxicas no ámbito do sector biotecnolóxico ou das ciencias da vida. Os proxectos deberán contar cun produto, servizo ou tecnoloxía validada funcionalmente, e con potencial para desenvolver **probos de concepto en colaboración con empresas tractoras**, así como avanzar na súa **estratexia de comercialización**.
- Contar cun equipo promotor con capacidade técnica e de xestión para levar a cabo o desenvolvemento do proxecto. Poderán estar promovidos por empresas xa constituídas cunha antigüidade máxima de 7 anos, ou por equipos emprendedores que formalicen a constitución da empresa dentro do período inicial da edición.
- Estar constituídos como empresa ou se comprometan á creación dunha empresa con sede social e fiscal en Galicia ou a proceder a apertura dun centro de traballo en Galicia antes do inicio itinerario.
- Comprometerse a participar activamente en todas as actividades do programa durante os 12 meses de duración da edición.

As bases do programa que se publiquen en cada edición poderán establecer condicións adicionais.

Sexta. Formalización da participación dos proxectos en BFBIOTRACK

A participación na convocatoria supoñerá que o equipo do proxecto acepte as bases do programa sen excepcións nin condicionantes, así como de calquera resolución que poida tomar calquera dos órganos descritos na cláusula oitava.

Unha vez que os proxectos superen o proceso de selección e acepten as condicións de participación no itinerario de aceleración avanzada, asinarán:

- **Un Acordo Marco** que recollerá os compromisos asumidos por todos os asinantes deste convenio co proxecto seleccionado na súa participación no programa de aceleración. Como mínimo, este acordo establecerá o seguinte:
 - A adscrición do proxecto á edición correspondente de BFBIOTRACK.



- O itinerario de traballo, mentorización e validación previsto para os 12 meses de duración do programa.
 - Os fitos avaliábeis que deberá cumprir o proxecto durante a súa participación.
 - As obrigas de dedicación, reporte de avances e colaboración co equipo xestor e empresas tractoras.
 - As condicións de continuidade ou expulsión do programa en caso de incumprimento.
- **Os acordos de financiamento**, que serán subscritos entre os proxectos seleccionados e as entidades financiadoras que decidan apoiar economicamente o desenvolvemento dos mesmos. Estes acordos estarán referenciados ao Acordo Marco e establecerán os importes, condicións, fitos e compromisos asociados ás achegas económicas.
 - **O acordo de colaboración entre a start-up e a entidade mentora**, onde se definirá o rol do mentor ou mentora asignado/a, a frecuencia das sesións, os obxectivos do acompañamento e os mecanismos de avaliación do apoio recibido.

Sétima. Financiación dos proxectos participantes

Para financiar o custo da participación dos proxectos en BFBIOTRACK, habilitaranse os seguintes instrumentos:

- Igape: cantidade de 30.000€ por proxecto a fondo perdido, nas condicións que se establecen no anexo II deste convenio.
- XesGalicia: poderá financiar mediante a participación no capital social da empresa ou mediante a concesión dun préstamo participativo, con ou sen opción de capitalización, a cada un dos proxectos seleccionados que superen o proceso de análise de investimentos realizado polo equipo e os órganos de decisión de XesGalicia.

O vehículo de investimento ou financiamento será o Fondo de investimento que mellor se adapte á fase da evolución do proxecto e este apoio estará condicionado a que outros socios, investidores ou financiadores realicen, polo menos, en aportacións dinerarias, desembolsos na mesma contía.

Con carácter xeral, o **importe máximo será de ata 250.000€**. Con todo, este importe poderá superarse se as características do proxecto así o aconsellan sempre e cando non se excedan os importes asignados globalmente ao Programa nunha mesma anualidade.

Para percibir este financiamento **terá que estar constituída a empresa e ter o seu domicilio social e fiscal en Galicia**.

Procurarase a amortización proporcional de todas as fontes de financiamento do proxecto. As compañías financiadas por XesGalicia serán sometidas a un seguimento posterior para o que deberán aportar información económico-financeira periódica e calquera outra información e/ou documentación que se considere necesaria para a avaliación da evolución do proxecto asociado.

Finalmente, os proxectos poderán conseguir **financiamento adicional por medio de primeiros pedidos realizados polas empresas do Consello de Entidades Tractoras**, que terán preferencia fronte a outros clientes potenciais. A contía e condicións destes primeiros pedidos dependerán da negociación bilateral que se estableza entre o proxecto e a empresa.

Oitava. Órganos de decisión e xestión

Para o correcto funcionamento de BFBIOTRACK é preciso establecer un sistema de gobernanza capacitado que poida controlar e regular o funcionamento da iniciativa, garantir a toma de decisións, minimizar os riscos, velar pola calidade dos servizos e compromisos propostos e asegurar a máxima eficiencia de todas as operacións a levar a cabo no contexto do programa.



Para ese efecto, contéplase que este sistema de gobernanza estrutúrese nos seguintes órganos:

- **Consello Executivo:** será o órgano principal de dirección e supervisión estratéxica do programa. Estará composto por representantes de **Igape** e **BIOGA**. Terá como funcións a validación das bases de cada edición, a aprobación do reto definido, o seguimento dos resultados globais do programa e a toma de decisións estratéxicas e operativas clave.
- **Equipo Xestor:** coordinado por **BIOGA**, será o responsable da xestión diaria de **BFBIOTRACK**, da execución das actividades previstas e do acompañamento aos proxectos participantes. Encargarase, ademais, da relación coas empresas tractoras, mentores, expertos e entidades colaboradoras, así como da preparación e execución das actividades transversais e dos eventos do programa.
- **Consello de Entidades Tractoras, Tecnólogos e Investidores:** formado por representantes das empresas tractoras e entidades colaboradoras do sector biotecnolóxico galego. A súa función será participar na definición do reto de cada edición, colaborar na selección dos proxectos e impulsar a realización de probas de concepto e primeiras traccións de mercado.

A composición e funcións dos mesmos queda detallada no Anexo VI do presente Convenio.

O programa **BFBIOTRACK** non ten personalidade xurídica propia.

Novena. Participación doutros axentes en BFBIOTRACK

Alén das entidades asinantes do presente convenio, contéplase a participación en **BFBIOTRACK** dos seguintes tipos de axentes:

1. **Empresas do sector biotecnolóxico de Galicia:**
Para que o programa **BFBIOTRACK** poida desenvolverse con éxito é indispensable a implicación das empresas tractoras, pemes innovadoras e entidades de referencia do sector biotech galego. A súa participación será clave na definición dos retos estratéxicos de cada edición, así como na colaboración coas startups seleccionadas a través de probas de concepto, validación tecnolóxica e/ou primeiros pedidos comerciais. Estas empresas poderán formar parte do Consello de Entidades Tractoras e participar activamente nos procesos de avaliación, mentorización ou financiamento dos proxectos.
2. **Universidades, centros tecnolóxicos e outros axentes vinculados co sector biotecnolóxico:**
Poderán participar como entidades colaboradoras, achegando coñecemento científico, infraestrutura de laboratorio ou capacidades de transferencia tecnolóxica. A súa implicación poderá concretarse na mentorización técnica dos proxectos, cesión de recursos para validacións, ou apoio á conformación de equipos multidisciplinares.
3. **Outros axentes do ecosistema de innovación e emprendemento:**
Inclúense aquí redes de investidores, plataformas de financiamento colaborativo, consultoras especializadas, asociacións sectoriais e hubs internacionais de innovación que poidan contribuír á aceleración, internacionalización ou investimento nos proxectos participantes.

A participación destes axentes poderá formalizarse mediante acordos específicos ou adhesións ao programa, e a **súa colaboración será coordinada polo Equipo Xestor**, que garantirá o seu aliñamento cos obxectivos e estándares de calidade de **BFBIOTRACK**.

En calquera caso, na medida que poden incidir na operativa do programa **BFBIOTRACK**, a aprobación destes acordos e a subscripción doutros pactos non previstos neste convenio deberá contar coa autorización do Consello Executivo.



Décima. Obrigas de Igape

1. Cofinanciación do orzamento operativo.
2. Co-liderado e participación nas funcións do Consello Executivo.
3. Financiamento aos proxectos de aceleración en formato de subvención a fondo perdido.

Undécima. Obrigas de XesGalicia

1. O estudo e análise das solicitudes de financiamento dos proxectos seleccionados, tanto a través da participación en capital como en forma de préstamo participativo con ou sen opción a capitalización, segundo o establecido nas cláusulas sétima e décimo terceira e sempre que cumpra as condicións e requisitos que para ese efecto se establezan por XesGalicia.
2. A participación activa nas funcións dos Comités dos que fora designado membro.

Duodécima. Obrigas de BIOGA

1. Participación no **Consello de Entidades Tractoras**, no caso de que así se constituía como órgano formal dentro do sistema de gobernanza.
2. **Co-liderado e participación nas funcións do Consello Executivo**, asumindo funcións de proposta, coordinación e seguimento das accións do programa.
3. **Xestión do programa BFBIOTRACK a través do Equipo Xestor**, asumindo a responsabilidade da planificación, execución operativa, coordinación de axentes e reporte de resultados.
4. Coordinación da definición do reto de cada edición mediante consulta ao ecosistema empresarial e técnico do sector biotech galego, así como a organización das actividades de captación, selección e acompañamento dos proxectos participantes.
5. Organización de actividades transversais, eventos de visibilidade e dinamización do ecosistema, garantindo unha frecuencia mínima mensual e o cumprimento dos obxectivos de participación e impacto establecidos no convenio.
6. **O Equipo Xestor de BFBIOTRACK facilitará ao Igape todos aqueles datos e información que este considere necesarios para a alimentación do sistema de monitorización das aceleradoras de emprendemento innovador promovidas pola Xunta de Galicia**, para facilitar o seguimento por parte de Igape da execución e desenvolvemento do presente convenio en aras de avaliar a eficacia e eficiencia do mesmo, medindo aspectos como o retorno do investimento realizado.

No caso de incumprimento da presente obriga, poderase minorar en ata un 20% a achega económica do Igape para o financiamento operativo e técnico da BFBIOTRACK, feito que se determinará na pertinente comisión de seguimento convocada para tal fin.

7. Facilitar cantos datos resulten necesarios para a avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros as enquisas do INE. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar rexistrados na Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Respetar os requisitos de publicidade establecidos pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Décimo terceira. Compromisos de achegas económicas para o financiamento dos proxectos participantes

1. Financiamento de Igape

Para o financiamento dos proxectos Igape achegará dos seus orzamentos dos anos 2026, 2027 e 2028 a cantidade de 720.000€ da maneira que segue, con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.7700;

Anualidade	2026	2027	2028	TOTAL
Aceleración avanzada	240.000,00€	240.000,00€	240.000,00€	720.000,00€

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei; así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) n° 2023/2831 da Comisión Europea, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE-L-2023-81820, do 15 de decembro de 2023).

En virtude do disposto no artigo 3.2 do devandito regulamento, o importe total das axudas de *minimis* concedidas por un estado membro a unha única empresa non excederá a cantidade de 300.000 € durante calquera período de tres anos. Este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de *minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

En consecuencia, xunto coa documentación xustificativa relacionada no Anexo II deste convenio, o beneficiario terá que presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis* durante os tres anos anteriores.

Igape fará efectivas estas axudas unha vez verificado que se cumpren os requisitos de xustificación establecidos no Anexo II e unha vez que o Consello Executivo certifique a relación de proxectos seleccionados.

Establécese a incompatibilidade das axudas concedidas por Igape a proxectos que participen ou participasen noutros programas de aceleración financiados con fondos de Xunta de Galicia ou que recibisen financiamento de Igape nos devanditos programas.

2. Financiamento de XesGalicia

XesGalicia poderá financiar mediante a participación no capital social da empresa ou mediante a concesión dun préstamo participativo, con ou sen opción de capitalización, a cada un dos proxectos seleccionados que superen o proceso de análise do investimento realizado polo equipo e os órganos de decisión de XesGalicia.

O vehículo de investimento ou financiamento será o Fondo de investimento que mellor se adapte á fase da evolución do proxecto e este apoio estará condicionado a que outros socios, investidores ou financiadores acheguen, polo menos, en achegas dinerarias, a mesma contía ao mesmo.

Con carácter xeral, o **importe máximo de financiamento por proxecto** na fase de aceleración avanzada e validación en mercado será de **ata 250.000 €**, destinados a **apoiar o crecemento, internacionalización ou industrialización das solucións desenvolvidas**. Con todo, este importe poderá **excederse se as características do proxecto así o aconsellan**, sempre e cando **non se superen os importes asignados globalmente ao Programa nunha mesma anualidade**.



As achegas máximas distribuiranse como segue:

- **Ata 250.000 € por proxecto (fóra do marco directo de BFBIOTRACK):**
 - Estes investimentos poderán realizarse por parte de XesGalicia unha vez rematada a participación no programa, e estarán destinados a apoiar o crecemento, internacionalización ou industrialización das solucións desenvolvidas.
 - Os importes e condicións estarán vinculados á análise individualizada de viabilidade, escalabilidade e atracción de coinversores privados.

En todos os casos, as operacións de financiamento formalizaranse unha vez verificada:

- A constitución da empresa promotora do proxecto.
- O seu **domicilio social e fiscal en Galicia**.
- A participación doutros investidores que aporten, como mínimo, a mesma contía.

Este financiamento será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou persoal, nacional ou internacional, para o mesmo fin, sen que en ningún caso, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos; superen o custo da actividade subvencionada e os límites máximos do financiamento público.

No caso de abandonar, non cumprir co establecido na convocatoria do programa ou coas condicións establecidas para a súa concesión ou un informe negativo de seguimento, dará dereito a XesGalicia a resolver o financiamento concedido, esixindo o reintegro dos importes desembolsados, e a non realizar os desembolsos pendentes.

No caso de que un proxecto tivese recibido financiamento de XesGalicia nunha fase concreta, aceleración ou consolidación, ao amparo dun Programa non poderá recibir financiamento noutro Programa para a mesma fase do mesmo proxecto.

A documentación a presentar a XesGalicia para a obtención deste financiamento está relacionada no Anexo IV deste convenio.

Décimo cuarta. Financiación operativa de BFBIOTRACK: custos de xestión, coordinación e execución

Para o financiamento operativo de BFBIOTRACK, BIOGA, como entidade xestora do programa coas súas correspondentes responsabilidades en actividades de asesoramento, formación e apoio na difusión e a captación, asignarán medios e recursos internos e externos para o desenvolvemento do programa.

Igape cofinanciará os custos de xestión, coordinación e execución de BFBIOTRACK cunha achega plurianual do 80% dos custos xustificadas por BIOGA. Estes custos poderán asociarse as seguintes tipoloxías de gastos subvencionables: custos propios, contratacións e subcontratacións de servizos externos e custes indirectos (20% sobre o gasto correctamente xustificado). Esta achega vai con cargo á partida 09.A1.-741A-6400, cos límites especificados nas táboas seguintes:

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN – TOTAIS

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN – TOTAIS	2026 (1ª edición)	2027 (2ª edición)	2028 (3ª edición)	Total (€)
Custos propios	75.000 €	100.000 €	100.000 €	300.000 €
Servizos externos	281.250 €	375.000 €	375.000 €	1.125.000 €
Custos indirectos (20%)	71.250 €	95.000 €	95.000 €	285.000 €
TOTAIS por edición	427.500 €	570.000 €	570.000 €	1.567.500 €



GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN – ACHEGA IGAPE

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN – ACHEGA IGAPE	2026 (1ª edición)	2027 (2ª edición)	2028 (3ª edición)	Total (€)
Custos propios	60.000 €	80.000 €	80.000 €	220.000 €
Servizos externos	225.000 €	300.000 €	300.000 €	825.000 €
Custos indirectos (20%)	57.000 €	76.000 €	76.000 €	209.000 €
TOTAIS por edición	342.000 €	456.000 €	456.000 €	1.254.000 €

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN – ACHEGA BIOGA

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN – ACHEGA BIOGA	2026 (1ª edición)	2027 (2ª edición)	2028 (3ª edición)	Total (€)
Custos propios	15.000 €	20.000 €	20.000 €	60.000 €
Servizos externos	56.250 €	75.000 €	75.000 €	225.000 €
Custos indirectos (20%)	14.250 €	19.000 €	19.000 €	57.000 €
TOTAIS por edición	85.500 €	114.000 €	114.000 €	313.500 €

A xustificación de gastos operativos realizarase conforme o establecido no Anexo V.

Décimo quinta. Vixencia

Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata o final da fase de aceleración da terceira edición de BFBOTRACK, co límite do 31 de decembro de 2028.

O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao de vixencia inicial.

Décimo sexta. Comisión de Seguimento do convenio

Para facilitar a execución e desenvolvemento do presente convenio, así como o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha comisión integrada, en principio e salvo mutuo acordo das partes para a súa modificación (que obrigatoriamente se plasmará como unha addenda ao presente convenio), polos seguintes membros:

- 2 membro por parte de Igape, un dos cales actuará coma presidente. O Igape poderá estar representado por persoal de seu e/ou de Xesgalicia.
- 1 membro de Bioga.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido no presente convenio.

No marco desta Comisión validarase a selección de proxectos efectuada segundo o previsto na cláusula Terceira do convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento producirase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo sétima. Causas de resolución

O convenio extinguirase polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



Son causas de resolución as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- f) Imposibilidade de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

Décimo oitava. Publicidade

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao amparo deste convenio e as entidades destinatarias desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización dos asinantes do convenio para o tratamento necesario dos datos das entidades e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte de Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

XesGalicia e BIOGA deberán fornecer toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigacións previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obrigación serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

As partes asinantes do convenio prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo novena. Inexistencia de relación laboral

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e ningunha das entidades asinantes deste convenio.

Vixésima. Deber de segredo e confidencialidade

As partes asinantes comprométense a non utilizar nin revelar, mantendo en segredo, todos os datos e informacións que obteñan en virtude da execución deste convenio e, en particular, toda a información á que teñan acceso en relación cos proxectos participantes en BFBIOTRACK.



As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de sinatura deste documento, salvo consentimento expreso e mancomunado dos asinantes do convenio.

Os datos de carácter persoal facilitados polos participantes incorporaranse ao correspondente ficheiro titularidade de cada un dos promotores:

- Asociación Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (BIOGA) con CIF G70259312
- Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) con CIF Q-6550010-J,
- XesGalicia, S.A.U. con CIF A-15.674.203.

Os promotores levarán a cabo un tratamento dos devanditos datos para o fin, exclusivamente, de avaliar e valorar os proxectos presentados, de xestionar a súa participación no programa e de difundilo e facer promoción pública deste. Os promotores non recollerán, utilizarán nin revelarán información persoal para outros propósitos que non sexan os descritos anteriormente, a non ser que os participantes dean o seu consentimento ou haxa algún deber legal.

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE/BOE nº 294, do 6 de decembro), ningunha das entidades participantes en BFBIOTRACK, nin ningún dos seus representantes poderán facer ningún tratamento dos datos persoais aos que en virtude do disposto neste convenio puidesen ter acceso.

A marxe do anterior, queda expresamente prohibida a utilización polas partes dos datos persoais aos que potencialmente puidesen ter acceso.

As obrigas desta sección non supoñen ningunha restrición ás partes para poder cumprir cos deberes legais ou mandatos de calquera tribunal ou entidade gobernamental.

Non se inclúe no concepto de confidencialidade a información que fose de dominio público con anterioridade ao momento da celebración deste convenio, ou que pase a selo con posterioridade a leste, nin aquela que fora obxecto de autorización previa e expresa por escrito entre as partes.

Vixésimo primeira. Autorizacións

XesGalicia e BIOGA consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes das persoas asinantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, sabendo que poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, na Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, situado no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se abone o pago, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na Lei.

Tamén comporta a autorización a Igape para solicitar o CIF e as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de corrección, despois de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de corrección da documentación.



Vixésimo segunda. Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de Seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

Exceptúase do disposto no apartado anterior toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do programa.

Vixésimo terceira. Cesión

Os dereitos e as obrigacións asumidas por cada unha das partes baixo este convenio non poderán ser cedidos a terceiras persoas sen consentimento previo e por escrito das outras partes. Para estes efectos enténdese por terceiras persoas aquelas que non estean vinculadas organicamente ás partes.

Vixésimo cuarta. Natureza xurídica e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. De conformidade co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, está excluído do ámbito de aplicación da normativa.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista neste. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Vixésimo quinta. Normativa aplicable

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento na data indicada no pé de sinatura tomándose como data de firma a do último asinante.

A presidenta do Igape e do Consello de
Administración de Xesgalicia,

Presidente Asociación Clúster Tecnolóxico
Empresarial das Ciencias da Vida (BIOGA),

María Jesús Lorenzana Somoza

José Manuel López Vilariño



ANEXO I. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A IGAPE CON CARÁCTER PREVIO Á FORMALIZACIÓN DA AXUDA DERIVADA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Para determinar a procedencia do pago das axudas a cada beneficiario terase en conta a certificación emitida polo equipo de xestión, relacionando os proxectos incorporados definitivamente á Business Factory.

Coa devandita certificación achegarase, para cada proxecto incorporado á aceleradora, a seguinte documentación:

- NIF da empresa.
- Declaración da titularidade da conta na que se deben realizar os pagos, na que deberá constar a razón social da empresa, o código internacional de conta bancaria (IBAN) ou o código internacional de identificación bancaria (BIC/ SWIFT).
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.
- Escrito relacionando cada proxecto seleccionado coa empresa constituída e o seu representante legal, así como as datas de inicio e final da fase de aceleración avanzada.



ANEXO II. MODELO DE CONVENIO PARA A FORMALIZACIÓN DA AXUDA DERIVADA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E _____ MEDIANTE O CAL SE PROCEDE Á REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DAS SUBVENCÍONS PREVISTAS NO CONVENIO ASINADO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), A SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA), E A ASOCIACIÓN CLÚSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DAS CIENCIAS DA VIDA (BIOGA) PARA A POSTA EN MARCHA DO FOCO DE EMPRENDIMENTO NO SECTOR BIOTECNOLÓXICO DE GALICIA (BUSINESS FACTORY BIO TRACK – BFBIOTRACK)

Santiago de Compostela, _____

Dunha parte, Dunha parte, Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), con NIF Q6550010J e domicilio en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral, e, en virtude da delegación de facultades conferida na Resolución do 17 de outubro de 2023 (DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2023).

Doutra parte, D/Dña. _____, con NIF _____, e domicilio para os efectos de notificacións en _____, en nome e representación da empresa _____, promotor do proxecto _____.

EXPOÑEN:

I. Que o Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), XESGALICIA Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado SAU (en diante, XesGalicia), e a Asociación Clúster tecnolóxico empresarial das ciencias da vida (en diante, BIOGA), asinaron un convenio de colaboración para a posta en marcha dun foco de emprendemento no sector biotecnolóxico en Galicia (**BUSINESS FACTORY BIOTrack – BFBIOTRACK**).

II. Que o citado convenio prevé diversas achegas económicas para os proxectos apoiados no marco do Programa **BFBIOTRACK**, condición que cumpre o proxecto anteriormente indicado.

III. Con base no exposto, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio, con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS:**Primeira.- Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto regular os termos e condicións de execución da subvención prevista no convenio asinado entre Igape, XesGalicia e BIOGA, para a posta en marcha dun foco de emprendemento no sector biotecnolóxico de Galicia (**BUSINESS FACTORY BIOTRACK – BFBIOTRACK**).

Esta subvención ten por obxectivo o financiamento das actividades a desenvolver polo proxecto durante a fase de aceleración avanzada e validación en mercado no marco do programa **BFBIOTRACK**.

Incorporarase ao presente convenio un documento descritivo das características particulares do proxecto, segundo o modelo que para ese efecto se facilita.



Segunda.– Financiamento e gastos subvencionables

O importe total da axuda para conceder por parte de Igape no marco do convenio BFBIOTRACK é dun máximo de 30.000€ por proxecto.

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do proxecto, de acordo coas actividades previstas e dentro do período temporal correspondente á fase de aceleración avanzada e validación en mercado. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Só se admitiran aqueles gastos realizados no período comprendido entre a data de inicio e a data de fin desta fase, segundo se recolla no documento descritivo do proxecto incorporado ao presente convenio.

A modo indicativo, considéranse elixibles os seguintes conceptos:

- Custos de persoal suxeito a relación laboral, incluídos os promotores do proxecto, ata un máximo do 30% do seu custo salarial.
- Custos de participación en feiras, congresos e outras actividades de networking específicas para o proxecto.
- Adquisición de equipamento e material instrumental na medida en que se utilicen para as actividades obxecto de validación.
- Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais, incluíndo os derivados da obtención de certificacións oficiais necesarias para a viabilidade do proxecto.
- Servizos tecnolóxicos externos.
- Servizos de apoio para a elaboración do plan de negocio, para a validación comercial, para a saída ao mercado ou para a procura de investimento.
- Subcontratacións, cun límite máximo do 50 % da axuda.

De acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe dos investimentos ou gastos subvencionables supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (importe igual ou superior a 15.000 € no momento da sinatura do presente convenio), a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á súa contratación, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os subministren, o que deberá xustificarse expresamente.

Consideraranse subcontratacións aquelas actuacións contratadas con organismos de investigación ou outras entidades, que supoñan a execución dunha actividade íntegra das incluídas no programa no que participa o proxecto beneficiario de BFBIOTRACK. A subcontratación deberá estar debidamente xustificada e motivada, e deberá cumprir co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, esta non poderá superar o límite do 50 % do custo total da actividade subvencionada.

Nos casos en que se realice subcontratación, os beneficiarios deberán achegar unha declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas non están vinculadas con eles, de conformidade co artigo 27.7 da citada Lei 9/2007 e do seu regulamento.

No caso de que o importe do IVE non sexa recuperable, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade respecto do IVE.

A Xunta de Galicia achegará o financiamento destas axudas a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, sendo condición indispensable para a súa concesión o cumprimento, por parte dos proxectos seleccionados, dos requisitos legais para seren beneficiarios.



Terceira.– Réxime de pagos

Ao amparo do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no artigo 63 do Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei, poderanse realizar pagos anticipados, respondendo estes a entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. De acordo co artigo 62.2 do devandito Regulamento, o importe conxunto dos pagamentos anticipados que se concederan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificadas, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

As instrucións detalladas e os formularios correspondentes para a presentación da documentación xustificativa serán fornecidas polo Igape, sendo preciso presentar a documentación de forma ordenada seguindo a estrutura establecida nas devanditas instrucións. A documentación presentárase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <https://spiga-sede.igape.es>, achegando as copias dixitalizadas da documentación.

A) Primeiro pago.

Poderase pagar ata un máximo dun 80% da cantidade destinada a cada un dos proxectos seleccionados, de forma anticipada, previa solicitude no prazo de 3 meses dende o inicio da fase de aceleración avanzada así como da entrega completa da seguinte documentación:

a) Solicitude, no modelo que estará á súa disposición facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables:

1. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos, aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución de concesión desoutas axudas.
2. Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.
3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

Os anticipos deberán xustificarse dentro da anualidade á que correspondan, polo que se a data de xustificación final ten lugar na anualidade posterior á concesión do anticipo, este deberá xustificarse dentro da anualidade na que se concedeu, sendo a data límite o 15 de decembro.

B) Pago final e xustificación.

A cantidade restante destinada a cada un dos proxectos seleccionados pagarase tras a solicitude e xustificación da subvención concedida, con data límite do 15 de novembro do ano en que se finaliza a aceleración, coa seguinte documentación:

a) Solicitude, no modelo facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables:

1. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos, aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse a resolución de concesión desoutas axudas.



2. Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.
3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da o Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. No caso de subcontratacións, declaración de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas, de conformidade co artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

c) Memoria económica, facilitada polo Igape, na que se relacionarán os gastos realizados coa subvención percibida incluíndo a súa relación coas actividades propostas da fase de aceleración.

d) Documentación xustificativa do gasto: os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa.

e) Documentación xustificativa do pago: os pagos xustificaranse mediante transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios. En ningún caso admitiranse os pagos xustificadas mediante recibo do proveedor.

Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto ao que se refiren. En caso en que o documento de pago non faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto de pago (rastrexabilidade). No caso de que un xustificante de pago inclúa varias facturas, anexarase unha relación detallada delas na que se poida apreciar que o pago se corresponde coas devanditas facturas. En caso de facturas pagas xuntamente con outras non referidas ao plan, será necesario achegar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pago da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.

En ningún caso admitiranse pagos xustificadas mediante recibos do proveedor, pagos por caixa ou en efectivo nin pagos realizados con tarxeta de débito ou crédito non asociada á empresa beneficiaria.

f) Informe final da fase de aceleración do proxecto: xustificarse o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e os obxectivos conseguidos. Este informe estará asinado polos representantes da entidade beneficiaria e do Equipo Xestor da Aceleradora.

A entidade poderá achegar calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións subvencionadas.

g) Certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE, só para os casos de que o IVE non sexa recuperable.

O pagamento da axuda concedida por parte do Igape efectuarase á persoa beneficiaria ou entidade con dereito ao seu cobramento, tras a verificación da documentación xustificativa presentada e das comprobacións preceptivas para cada anualidade.

Cuarta.- Réxime de garantías

O artigo 65 do **Decreto 11/2009**, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da **Lei 9/2007**, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), establece a obrigatoriedade, para os beneficiarios e



entidades colaboradoras, de constituír garantías nos casos en que se prevexa a posibilidade de realización de pagamentos anticipados.

O presente convenio prevé a realización de **pagamentos anticipados de ata un 80% da contía destinada ao financiamento do proxecto** no marco do programa **BFBIOTRACK**, polo que se require autorización do Consello Xunta segundo o establecido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Considerando que a finalidade que se persegue coa devandita achega, é dar apoio aos diferentes proxectos, facilitando a formalización ou constitución dos mesmos en empresas, e reducindo a carga económica que soporta calquera empresa, tanto nas súas orixes, como no inicio da súa actividade; poderá exonerarse da constitución de garantías nos termos que, de ser o caso, autorice o Consello da Xunta de Galicia, conforme o disposto no artigo 67 do Decreto 11/2009.

Quinta.– Alteración das actuacións

A necesidade de modificar as actuacións previstas, cando iso supoña unha alteración das condicións tidas en conta no momento da concesión da subvención, poderá dar lugar á **modificación da axuda concedida**.

En calquera caso, só se poderá proceder á dita modificación **previo informe favorable do Consello Executivo da BFBIOTRACK**.

O procedemento de aprobación da modificación das actuacións iniciárase mediante **solicitud formal por parte da entidade beneficiaria**, na que deberá indicarse de forma detallada:

- O alcance da modificación proposta.
- As actuacións afectadas.
- O impacto previsto no desenvolvemento do proxecto.

Unha vez presentada a solicitude, o **Igape** recollerá o correspondente **informe favorable ou visto e prace do Equipo Xestor da BFBIOTRACK**.

Tras estas actuacións, o Igape poderá aprobar, se procede, a modificación proposta.

A modificación autorizada deberá **formalizarse mediante o correspondente documento ou addenda ao convenio asinado**, que terá validez legal a todos os efectos.

Sexta.– Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no marco do presente convenio serán **compatibles con outras establecidas por esta ou outra Administración Pública**, organismo ou ente público ou privado, de ámbito nacional ou internacional, para o mesmo fin, **sempre que, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, non superen o custo total da actividade subvencionada**.

Establécese a **incompatibilidade das axudas concedidas por Igape** a proxectos que participen ou participasen noutros programas de aceleración financiados con fondos da Xunta de Galicia, ou que xa tivesen recibido financiamento do Igape no marco deses programas para o mesmo fin ou actividade.

Sétima.– Obrigas do beneficiario

Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da **Lei 9/2007**, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias das axudas concedidas no marco do programa **BFBIOTRACK** quedan obrigadas a:



a) Proceder ao **reintegro da subvención percibida** no suposto de **incumprimento das condicións de participación** no programa BFBOTRACK.

b) Facilitar a información que lles sexa requirida pola **Intervención Xeral da Comunidade Autónoma**, polo **Tribunal de Contas** e polo **Consello de Contas**, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións; someterse ás actuacións de comprobación que deban realizar os citados órganos, así como ás do órgano concedente, e achegar toda a información que lles sexa requirida.

c) Comunicar ao IGAPE, como órgano concedente, a obtención de **subvencións, axudas, ingresos ou recursos** que financien total ou parcialmente as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá realizarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso **antes da xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos**.

d) Xustificar, nos casos nos que o importe do gasto subvencionable supere os límites establecidos na **Lei 9/2017**, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a **solicitude de polo menos tres ofertas de provedores diferentes**, con carácter previo á contratación do servizo, obra ou subministración do ben, salvo que polas súas características non exista suficiente oferta no mercado, ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención, segundo o artigo 29.3 da Lei 9/2007.

e) Prestar **consentimento expreso á publicidade por parte da Administración Galega** dos datos relativos ao presente convenio, conforme o artigo 15 da **Lei 1/2016**, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e os **Decretos 126/2006** e **132/2006**, sobre rexistro de convenios e publicidade das achegas públicas.

f) Prestar **consentimento expreso á publicación dos datos na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)**, nos termos previstos no artigo 20 da **Lei 38/2003**, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificada polo artigo 30.3 da **Lei 15/2014**, do 16 de setembro.

g) Subministrar toda a información necesaria para que o **IGAPE** poida dar cumprimento ás obrigas previstas no **Título I da Lei 1/2016**, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obrigación serán as previstas no artigo 4.4 da devandita lei.

h) Dar cumprimento ás obrigacións de **publicidade activa das axudas recibidas**, segundo o artigo 18 da **Lei 38/2003**, modificado polo artigo 30.2 da **Lei 15/2014**, relativas á visibilidade das subvencións en actos, materiais, medios e canles de comunicación relacionados co proxecto.

Oitava.— Réxime aplicable e reintegro

As axudas concedidas no marco do presente convenio estarán suxeitas ao disposto na **Lei 9/2007**, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao **Decreto 11/2009**, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como á normativa básica establecida na **Lei 38/2003**, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo **Real Decreto 887/2006**, do 21 de xullo.

Procederá o **reintegro total ou parcial dos fondos percibidos** no caso de **incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión**, conforme ao previsto no **Título II da Lei 9/2007**, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, procederá o reintegro, total ou parcial, no caso de **incumprimento grave e/ou mal aproveitamento da fase de aceleración por parte de calquera dos proxectos seleccionados**, situación que deberá ser **debidamente xustificada nun informe motivado polo Equipo Xestor e validado polo Consello Executivo da BFBOTRACK**.

Estas axudas estarán igualmente suxeitas ao **réxime de minimis** establecido no **Regulamento (UE) n° 2023/2831** da Comisión Europea, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107



e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 2023-81820, do 15 de decembro de 2023).

Novena.— Mecanismos de seguimento e execución

Para o correcto seguimento das accións previstas no presente convenio, crearase unha **comisión de seguimento**, conformada de maneira **paritaria entre representantes do Igape e representantes da entidade beneficiaria**. Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos e obrigas establecidos e poderá propoñer medidas correctoras en caso necesario.

Décima.— Vixencia

O presente convenio estará vixente desde o día seguinte ao da súa sinatura **ata a finalización da fase de aceleración avanzada e validación en mercado do proxecto beneficiario**, sen posibilidade de prórroga. A vixencia do convenio individual nunca poderá exceder a vixencia do convenio da BFBIOTRACK.

Décimo primeira.— Natureza xurídica e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas presentes cláusulas, así como polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; e polo disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, relativo aos convenios do sector público; así como pola restante normativa que, no seu caso, resulte de aplicación.

Décimo segunda.— Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Dita modificación poderá ter por obxecto a redución do volume das obrigacións asumidas ou a ampliación do prazo de execución previsto.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio deberá ser proposta pola Comisión de Seguimento e formalizarse mediante a correspondente addenda, asinada polas partes.

Exceptúase do disposto no apartado anterior toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do programa BFBIOTRACK.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento na data indicada no pé de sinatura, tomándose como data de sinatura a do último asinante.



ANEXO III. MODELO DE DOCUMENTO DESCRIPTIVO DAS CARACTERÍSTICAS PARTICULARES DO PROXECTO

Programa: BUSINESS FACTORY BIOTRACK – BFBOTRACK

- Denominación do proxecto:
- Denominación social e NIF/NIE da empresa beneficiaria:
- Relación de promotores / NIF/NIE:
- Breve descrición do proxecto:
- Data de inicio e fin da fase de aceleración avanzada e validación en mercado:
- Data límite para a presentación de documentación.
- Contía de axuda a fondo perdido.
- Outro datos de interese.



ANEXO IV. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR EN XESGALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE CADA UN DOS PROXECTOS NA FASE DE ACELERACIÓN OU CONSOLIDACIÓN

- a) Identificación da/s persoa/s de contacto.
- b) Plan de negocio (formato .doc):
- Promotores do proxecto e experiencia relevante: CV e perfís do equipo fundador, destacando a súa experiencia previa, logros e coñecementos relevantes para o proxecto. Identificación dos administradores.
 - Antecedentes e descrición do proxecto.
 - Produto ou servizo. Procesos produtivos. Instalacións produtivas.
 - Mercado, sector, competencia.
 - Modelo de negocio.
 - Estratexia de comercialización e marketing. Contratos comerciais clave.
 - Persoal actual da empresa e previsión de evolución do persoal.
 - Investimento previsto e financiamento do proxecto.
 - Plan financeiro con estados financeiros previsionais, como mínimo, de 4 exercicios (modelo facilitado por Xesgalicia en formato Excel).
 - Estado de tesouraría mensual do primeiro ano a contar desde a situación actual (en formato Excel).
 - Resumo executivo dos anteriores elementos (modelo facilitado por Xesgalicia en formato Power Point).
- c) Documentación financeira:
- Contas anuais aprobadas e, no seu caso, auditadas, dos últimos 3 exercicios económicos pechados. No caso de que a empresa teña menos de 3 anos de antigüidade, aportaranse as contas anuais de todos os exercicios pechados desde a súa constitución.
 - Balance, conta de Perdas e Ganancias e estados de tesouraría a data de peche do último trimestre do exercicio corrente.
 - Pool bancario ás datas de peche do último trimestre e do último exercicio económico pechado.
 - Orzamento do exercicio corrente.
 - Informe CIRBE do Banco de España.
 - Relación de todas as axudas públicas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución) para o mesmo proxecto e, en particular, ao IGAPE. Certificado de non ter débedas co citado Instituto.
 - Financiamento público e privado previsto, solicitado e/ou obtido para o proxecto
- d) Documentación xurídica:
- Escritura de constitución e estatutos vixentes da sociedade.
 - Composición do capital e órganos de administración.



- Copia do libro de rexistro de socios
 - Certificado de estar ao corrente coas distintas administracións públicas (AEAT, Seguridade Social e Comunidade Autónoma).
 - Declaración xurada relativa aos litixios nos que sexa parte a sociedade, os seus socios e/ou administradores.
 - Pacto de socios previos e se fose o caso, compromisos adquiridos por outras aceleradoras
 - Documento LOPD (modelo facilitado por Xesgalicia).
- e) Documentación a efectos da prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo (PBLAC):
- Formulario de Identificación do cliente (Modelo facilitado por Xesgalicia).
 - Acta de titularidade real
 - CIF definitivo
 - DNI (ou equivalente) do representante da Sociedade ou dos titulares reais.
 - Certificado de titularidade de conta corrente que inclúa a totalidade dos seus titulares.
- f) Outra documentación:
- Documentación relativa á propiedade da tecnoloxía e/ou aos dereitos de explotación da mesma.
 - No caso de achegas non dinerarias, documentación da valoración de dicha activos
 - Adhesión ao regulamento interno de publicidade (modelo facilitado por Xesgalicia)
 - Autorización do uso do logo da empresa por parte de Xesgalicia.

Poderase solicitar toda documentación ou información necesaria para o coñecemento e correcta comprensión do plan de negocio ou da situación económica, financeira e legal da empresa.

A documentación do plan de negocio deberá presentarse en galego ou en castelán, os importes en euros e deberá estar asinada polo representante legal da empresa.

A documentación presentada nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberá vir traducida por intérprete xurado.

Non se poderá utilizar o nome de Xesgalicia para outros financiamentos que se poidan solicitar para o proxecto, salvo que isto sexa expresamente autorizado por Xesgalicia, quedando esta eximida, en todo caso, das consecuencias que teña o non financiamento do proxecto, calquera que sexa a causa.



ANEXO V. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A IGAPE, RELATIVA AOS GASTOS SOPORTADOS PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA BUSINESS FACTORY BFBIOTRACK, PARA O PAGO DA COMPENSACIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DA SÚA POSTA EN MARCHA E DESENVOLVEMENTO

Para o **pagamento da achega do IGAPE**, relativa á **compensación de parte dos gastos incorridos** para a posta en marcha e desenvolvemento das diferentes fases do programa **BFBIOTRACK**, a entidade xestora (**Bioga**) deberá presentar a seguinte documentación:

1. Solicitude de pago

A solicitude de pagamento deberá dirixirse ao IGAPE a través dos procedementos habilitados para tal efecto.

2. Memorias xustificativas

As solicitudes de pagamento deberán ir acompañadas de **memorias comprensivas das actividades desenvolvidas** para a execución do programa BFBIOTRACK. Estas memorias incluírán como mínimo:

- **Memoria descritiva:**
Relato detallado das actividades realizadas no marco do convenio, estruturadas por fases (consulta ao mercado, validación, escalado, etc.).
- **Memoria económica:**
Xustificación documental dos gastos incorridos e dos pagos realizados. Deberá achegarse:
 - **Cadro resumo** cos importes totais por partida orzamentaria (custos propios, indirectos e servizos externos).
 - **Xustificantes dos gastos** emitidos polos provedores (facturas ou documentos equivalentes).
 - **Xustificantes de pago:** transferencias bancarias, certificacións bancarias orixinais ou extractos de pago que acrediten o abono das facturas.
 - Para os **gastos de persoal:** certificado das persoas asignadas ao proxecto, acompañado das correspondentes nóminas e documentos de cotización á Seguridade Social.

A xustificación documental poderá ser **substituída por un informe de auditoría**, emitido por profesional inscrito no **Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC)**, que certifique que os gastos foron realizados conforme ao convenio e dentro do período que se xustifica.

3. Documentación adicional (xunto coa primeira solicitude de pago)

- **Copia do NIF da entidade xestora (Bioga).**
- **Certificado de titularidade da conta bancaria** onde se realizarán os pagos. Este deberá incluír:
 - Razón social da entidade.
 - Código IBAN da conta e, de ser o caso, código BIC/SWIFT.
- **Certificacións actualizadas de estar ao corrente** nas obrigas coa **AEAT, Seguridade Social e Facenda Autonómica**.
Estas certificacións deberán ser renovadas e achegadas tamén coa presentación da segunda solicitude de pago.
- De ser o caso, **documentación acreditativa de exención de IVE** ou da **porcentaxe de prorrata aplicable** no exercicio correspondente (modelo 390 ou certificado da AEAT).

4. Tipoloxía de gastos

Os gastos a xustificar clasificaranse nas seguintes categorías:

- Custos propios.



- Comunicación e difusión.
 - Consulta ao mercado.
 - Eventos.
 - Procesos de selección.
 - Mentorización e networking.
 - Validación. Probas de concepto en empresas.
 - Escalado.
 - Oficina de proxecto. Coordinación, seguimento e avaliación continua.
- Custos indirectos (calculados como un 20% sobre os custos propios).
 - Servizos externos.

Os custos asumidos por BIOGA correspondentes aos recursos internos e externos mobilizados para a execución do programa, así como os das entidades tractoras ou colaboradoras participantes no Consello de Entidades de BFBIOTRACK (segundo o establecido no Anexo VI), terán a consideración de custos propios da entidade xestora para efectos de xustificación.

A data límite de xustificación será dentro dos quinze primeiros días do mes seguinte ao de finalización do trimestre, a excepción do último trimestre de cada ano, cuxa data límite de xustificación será como máximo o 1 de decembro.



ANEXO VI GOBERNANZA E XESTIÓN DO PROGRAMA BFBIOTRACK

ÓRGANOS DE GOBERNO:

1. Consello Executivo

O **Consello Executivo** será o **órgano de decisión principal** para calquera aspecto que afecte ao funcionamento da iniciativa **BFBIOTRACK**. Estará integrado por representantes de **Igape** e **Bioga**, e estará presidido polo **Igape**. A **secretaría deste órgano será elixida ou designada polos seus membros**.

O número de representantes por entidade será o seguinte:

- **Bioga:** 2 membros.
- **IGAPE:** 3 membros (poderá estar representado por persoal de seu ou de XesGalicia).

O **Consello Executivo de BFBIOTRACK** terá, entre outras, as seguintes funcións:

- Definir e validar a **orientación estratéxica** do programa BFBIOTRACK.
- **Ratificar os retos** definidos polo Consello de Entidades Tractoras.
- **Aprobar as bases e convocatorias públicas** para a captación e selección de proxectos.
- Aprobar a **lista de medios e tarifas de uso** proposta polas entidades colaboradoras, para a inclusión no catálogo técnico do programa.
- **Realizar o seguimento do avance técnico** e das actividades operativas do programa.
- **Aprobar os orzamentos reais** e as previsións económicas de cada edición.
- Propoñer a **incorporación ou exclusión de entidades colaboradoras**.
- **Seleccionar os proxectos participantes** na fase de aceleración avanzada e validación, a partir das propostas elaboradas polo Consello de Entidades Tractoras.

Observaranse as seguintes **incompatibilidades** no exercicio das funcións dos seus membros:

- Os membros do Consello Executivo **non poderán participar como promotores ou integrantes** de ningún dos proxectos seleccionados no programa.

Funcionamento e toma de decisións do Consello Executivo:

- **Reunións ordinarias:** celebraranse con **periodicidade cuatrimestral**.
- **Reunións extraordinarias:** poderán convocarse por solicitude do **Equipo Xestor**, cun **mínimo de 15 días de antelación**, xunto cunha proposta de orde do día. As entidades poderán solicitar por escrito a inclusión de puntos adicionais ata **5 días antes da data da reunión**.
- A reunión considerarase válida cando asistan presencialmente ou por representación membros que representen, polo menos, o **70% da participación na iniciativa** (calculada sobre o número de integrantes do Consello Executivo).
- As **actas das reunións** serán remitidas ás partes nun prazo máximo de **15 días** dende a súa celebración.

Toma de decisións:

- Calquera decisión que deba someterse a votación deberá estar **incluída na orde do día** da convocatoria correspondente.
- As decisións adoptaranse por **maioría simple (51%) dos votos presentes ou representados**.
- En caso de empate, o **presidente do Consello Executivo terá voto de calidade**.

Representación:

- Calquera membro do **Consello Executivo** poderá ser **representado por outro membro** mediante **poder de representación por escrito**.



O funcionamento deste órgano rexerase polo disposto na **sección III, capítulo I, título I da Lei 16/2010**, do 17 de decembro, de **organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia**.

2. Consello de Entidades Tractoras, Tecnólogos e Investidores

O **Consello de Entidades** estará conformado polos principais axentes do ecosistema innovador vinculado ao **sector biotecnolóxico, bioindustrial e de saúde en Galicia e fóra dela**. Estará formado polos seguintes perfís:

1. **Empresas tractoras e líderes de cadeas de valor do sector biotecnolóxico**, da saúde, alimentación funcional, sustentabilidade ou bioindustria, tanto de Galicia como de ámbito estatal ou internacional.
2. **Universidades, centros tecnolóxicos, clústeres sectoriais e asociacións empresariais** con experiencia e interese no impulso de innovacións no ámbito bio, así como entidades con capacidade para achegar coñecemento, infraestruturas e servizos técnicos aos proxectos participantes.
3. Outros axentes de apoio á innovación como **entidades financeiras, fondos de investimento e capital risco, organismos internacionais**, asesores especializados e centros de excelencia científica ou tecnolóxica.

O **Anexo VIII** do convenio regulará o formato de adhesión e o marco de relación destas entidades co programa **BFBIOTRACK**.

Co fin de mellorar a súa operativa e capacidade de resposta, o Consello de Entidades poderá organizarse en **comités específicos**, como:

- **Comité de Empresas Tractoras**
- **Comité Científico-Técnico**
- **Comité de Inversións**
- Outros comités que faciliten a análise, validación ou seguimento de proxectos

Este Consello será o **órgano de supervisión e orientación técnica** do fluxo de proxectos que se aceleren dentro de BFBIOTRACK, e contará cunha **presidencia e secretaría elixidas entre os seus membros**.

As súas funcións principais serán:

- **Definir os retos tecnolóxicos ou de negocio** que orientarán cada convocatoria do programa. Estes retos poderán ser propostos polas entidades membro e deberán ser aprobados por maioría. A lista definitiva será **ratificada polo Consello Executivo**.
- **Avaliar os proxectos candidatos** e os seus equipos promotores, para garantir a súa idoneidade e potencial de impacto. Este Consello será o encargado de elaborar a proposta de **proxectos seleccionados**, que será posteriormente validada polo Consello Executivo.
- **Votar a exclusión dalgún proxecto**, cando non cumpra os obxectivos ou condicións do programa, suxeito a ratificación do Consello Executivo.
- **Supervisar a evolución técnica e estratéxica** dos proxectos participantes durante a súa estancia no programa, e propor accións correctoras ou reforzos se fose preciso.

Réxime de incompatibilidades:

Aplicarase o mesmo réxime que no Consello Executivo: os membros do Consello de Entidades non poderán ser promotores nin formar parte dos proxectos participantes.

Funcionamento e toma de decisións:

Rexerase polas mesmas normas que o Consello Executivo: convocatoria con orde do día, acordos por maioría, e presenza mínima do 70 % da participación total. Terán **voz pero non voto nas reunións do Consello Executivo**, cando sexan convocados pola súa presidencia.



O funcionamento deste órgano rexeráse polo disposto na **sección III, capítulo I, título I da Lei 16/2010**, do 17 de decembro, de **organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia**.

3. O Equipo Xestor

Bioga, como entidade impulsora da iniciativa, asumirá o rol de **Equipo Xestor do programa BFBIOTRACK**.

O **Equipo Xestor** será o responsable da **planificación, execución e control integral** da iniciativa co obxectivo de garantir o cumprimento dos plans operativos e os obxectivos estratéxicos do programa.

En concreto, encargarase de:

- **Supervisión e control do avance do programa**, incluíndo todas as fases e edicións.
- **Deseño, desenvolvemento e execución do plan operativo** en cada edición.
- **Proposta ao Consello Executivo** das convocatorias públicas de captación e matching de proxectos.
- **Xestión económico-administrativa** do programa.
- **Definición e execución do Plan de Calidade e Control**.
- **Definición e execución do Plan de Comunicación** institucional e de difusión.
- **Xestión de recursos humanos e técnicos**.
- **Elaboración de informes de seguimento e informe final de actividade**, para a súa revisión e validación polo Consello Executivo.
- **Organización de reunións**, comités técnicos e espazos de traballo.
- **Resolución de incidencias** operativas e organizativas.
- **Representación nas reunións e comités** do Consello de Entidades e do Consello Executivo, sempre que sexa requirido.
- **Supervisión e coordinación das entidades colaboradoras contratadas**, encargadas das accións de mentoring, acompañamento e provisión de servizos técnicos ou metodolóxicos.
- **Coordinación das entidades contratadas** para a xestión das fases do programa e a implementación de actividades específicas.
- **Asesoramento operativo** ao Consello Executivo e ao Consello de Entidades Tractoras.
- **Captación e coordinación de entidades** públicas e privadas que poidan achegar valor á iniciativa, coa finalidade de integrarse no Consello de Entidades.
- **Coordinación e xestión da participación de avaliadores externos independentes**, nos procesos de análise e selección de proxectos.
- **Supervisión da sinatura dos Acordos Marco** cos proxectos participantes no programa.

Incompatibilidades

Os membros do **Equipo Xestor non poderán participar como promotores** nin formar parte de ningún dos proxectos seleccionados, nin tampouco **prestar servizos externos remunerados** no marco da execución do programa BFBIOTRACK.

Xestión operativa

Plan operativo:

Para cada convocatoria do programa, o Equipo Xestor elaborará un **plan operativo específico**, que será executado baixo a súa responsabilidade. Este plan incluírá:

- Os **obxectivos e directrices estratéxicas** da edición.
- Os **recursos humanos e técnicos necesarios**, incluído o **catálogo de medios e servizos técnicos** dispoñibles para os proxectos participantes.
- As **ferramentas de seguimento** e avaliación continua do programa, que permitan anticiparse a posibles desviacións.



Planificación e seguimento:

Establecerase unha **planificación detallada das actividades e fitos** de cada edición. Sobre esa base, realizarase o **seguimento periódico da execución** e a validación do cumprimento dos obxectivos definidos. Este seguimento se realizará a través da comisión de seguimento.

Presentaranse informes de seguimento e un **informe final** por edición, que incluírán:

- Estado do programa e grao de cumprimento das actividades.
- Resultados por fase e proxecto.
- Indicadores de impacto.
- Propostas de mellora continua.

Informes de Seguimento trimestrais – BFBOTRACK

Durante a execución de cada edición do programa **BFBOTRACK**, o Equipo Xestor elaborará **informes trimestrais de seguimento**, co obxectivo de monitorizar o desenvolvemento das actividades, avaliar o cumprimento dos fitos e garantir a calidade do programa.

Os **informes trimestrais** incluírán:

- **Obxecto e contidos do informe.**
- **Descrición do estado do programa e dos proxectos participantes**, detallando:
 - Situación actual.
 - Actividades de coordinación e apoio realizadas.
 - Accións de comunicación desenvolvidas.
 - Actividades específicas executadas en cada fase do programa.
 - Gastos validados.
 - Entregables xerados polos proxectos.
- **Planificación actualizada** das actividades e previsión de fitos futuros.
- **Control de riscos**, incluíndo:
 - Matriz RAV (Riscos, Actuacións e Verificacións).
 - Plans de actuación e continxencia asociados aos riscos detectados.
 - Persoas responsables de cada plan.
- **Decisións tomadas** e decisións pendentes de validación.
- **Cadro de indicadores actualizado**, con métricas de actividade, impacto e eficiencia

Informe Final – BFBOTRACK

Ao remate de cada edición, o Equipo Xestor elaborará un **Informe Final**, que será presentado ao Consello Executivo para a súa validación. Este informe comprenderá:

- **Obxecto e contidos do informe.**
- **Descrición completa dos traballos realizados** en cada unha das fases (consulta ao mercado, validación, escalado).
- **Planificación actualizada do programa**, incluíndo desviacións e medidas correctoras aplicadas.
- **Decisións estratéxicas adoptadas** durante a execución do programa.
- **Cadro de indicadores actualizado**, cos KPIs clave definidos.
- **Listaxe completa de proxectos participantes** en cada edición.
- **Detalle dos recursos mobilizados**, tanto humanos como materiais (horas de traballo, recursos tecnolóxicos, etc.).
- **Impacto en medios e difusión pública** da iniciativa.
- **Conclusións e leccións aprendidas** aplicables a futuras edicións.

O **Coordinador**, que será designado polo equipo xestor do **Programa BFBOTRACK**, será o responsable de levar a cabo o **control e seguimento dos entregables clave**, os cales serán



arquivados e accesibles a través do xestor documental habilitado na páxina web oficial do programa. Os entregables mínimos obrigatorios serán os seguintes:

- **Plan de Xestión e Calidade do Programa BFBOTRACK:**
Documento que recollerá o deseño e elaboración dos mecanismos, procedementos e ferramentas necesarios para garantir o control e o bo desenvolvemento da execución do programa. Incluirá indicadores clave de rendemento (KPIs), definición de fitos, mecanismos de seguimento, enquisas de calidade, e protocolos de mellora continua.
- **Plan de Comunicación:**
Documento estratéxico que establecerá a estrutura comunicativa do programa. Incluirá: introdución, obxectivos, identificación do público obxectivo, estratexia de comunicación, accións previstas, cronograma detallado, mapa de responsabilidades e indicadores de impacto.
- **Manual do Programa BFBOTRACK:**
Documento metodolóxico que recollerá en detalle os procesos, modelos, formatos e ferramentas a empregar en todas as actuacións do programa. Incluirá ademais un **Código Ético do Programa**, que deberá ser asinado polos proxectos participantes e entidades implicadas.
- **Planificación do Programa:**
Documento operativo que definirá a planificación das fases do programa, a asignación de recursos humanos e técnicos a cada unha das actividades, e un calendario completo de execución.
- **Informe de Perfil dos Proxectos/Empresas Participantes:**
Elaborarase para cada proxecto seleccionado que acepte as bases de participación. Incluirá unha análise detallada da situación inicial do proxecto, o seu grao de madurez, e estableceranse os fitos e obxectivos a acadar durante a súa participación no programa.
- **Informe Final do Programa BFBOTRACK:**
Documento de peche de edición que describirá a execución global do programa, as actividades realizadas, os resultados obtidos, a análise dos indicadores (KPIs), a calidade da execución, o grao de participación, e o impacto acadado nos medios e no ecosistema.
- **Informe Final dos Proxectos Participantes:**
Documento individualizado para cada proxecto, no que se recollerá o resultado das actividades realizadas durante a súa participación no programa, incluíndo a evolución en relación aos fitos establecidos, aprendizaxes clave e grao de validación no mercado.



ANEXO VII. MEDIOS E SERVIZOS TÉCNICOS DA BUSINESS FACTORY BIOTRACK – BFBIOTRACK

Co obxectivo de asegurar que os proxectos participantes no programa de aceleración avanzada e validación no mercado da **Business Factory BIOTRACK – BFBIOTRACK** poidan desenvolverse de forma axeitada e cumprir coas expectativas das entidades asinantes do presente convenio, BFBIOTRACK poñerá á súa disposición unha serie de **medios e servizos técnicos ofrecidos en condicións vantaxosas polos membros do Consello de Entidades Tractoras, centros tecnolóxicos, universidades, clústeres e investidores**.

Este catálogo poderá comprender os seguintes tipos de achegas:

1. **Infraestruturas de incubación e experimentación:** espazos de traballo, salas de reunións, espazos demostradores ou de testado, e infraestruturas de aloxamento puntual, que permitan ás startups desenvolver as súas actividades en contornas colaborativas.
2. **Medios técnicos especializados:** acceso a instalacións, equipamento e tecnoloxía clave para o desenvolvemento de solucións no ámbito biotecnolóxico e das ciencias da vida, tales como laboratorios de análise molecular e celular, plantas piloto de bioprocesos, equipos de caracterización e validación de produtos biotecnolóxicos, ou outras infraestruturas de experimentación.
3. **Servizos técnicos avanzados:** servizos profesionais necesarios para o desenvolvemento e validación de solucións bio, como poden ser servizos de análise xenómica, bioinformática, acceso a biobancos, servizos de regulación sanitaria, validación preclínica ou certificacións.

As entidades ofertantes destes medios e servizos deberán achegar unha listaxe detallada cos seguintes elementos:

- Descrición técnica e funcionalidades de cada recurso.
- Condicións de uso e custes aplicables aos proxectos participantes.
- Posibles limitacións, prazos ou requisitos técnicos de acceso.

Esta listaxe será **analizada polo Consello de Entidades**, que formulará unha proposta de validación ao **Consello Executivo**, órgano que deberá aprobar a súa inclusión como parte oficial do catálogo de medios e servizos técnicos da BFBIOTRACK.

O **Plan Operativo** correspondente a cada edición da BFBIOTRACK (véxase Anexo VI do presente convenio) deberá **incorporar o listado actualizado de medios e servizos técnicos dispoñibles para esa edición**, así como o **procedemento específico de solicitude, uso e seguimento por parte dos proxectos**. Este catálogo deberá adaptarse ao perfil e necesidades tecnolóxicas derivadas dos retos definidos polo Consello Executivo en cada edición.

Unha das entidades integrantes do Consello de Entidades será **designada para coordinar a xestión e utilización destes recursos**, baixo a supervisión global do **Equipo Xestor de BFBIOTRACK** (véxase Anexo VI).

Os **custos asociados ao uso destes medios e servizos técnicos por parte dos proxectos participantes** poderán imputarse como parte dos servizos externos descritos na cláusula décimo cuarta do presente convenio.



ANEXO VIII. ACORDO DE ADHESIÓN PARA ENTIDADES DO CONSELLO DE ENTIDADES TRACTORAS, TECNÓLOGOS E INVESTITORES.

D./D^a _____, como _____ e en representación da entidade _____ con NIF _____, con domicilio social en _____ e dirección (postal ou electrónica) a efectos de notificacións en _____,

DECLARA:

Que a entidade asinante está interesada na súa adhesión ao programa **BUSINESS FACTORY BIOTRACK – BFBIOTRACK**, impulsado pola **Asociación Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida – Bioga**, en representación do sector biotecnolóxico galego, e a Xunta de Galicia, a través dos seus organismos **Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape)** e **Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (en diante, Xesgalicia)**, para o desenvolvemento das actividades que nel se recollen.

Que coñece e acepta o contido das condicións incluídas no referido convenio, entre as que se atopa o seu dereito para ser membro de pleno dereito do **Consello de Entidades Tractoras, Tecnólogos e Investitores** da BFBIOTRACK, con **idénticos dereitos e obrigas** que o resto dos seus integrantes.

Que asume as obrigas derivadas da súa participación nas actividades recollidas no convenio, entre as que se inclúen:

- **Definición dun reto tecnolóxico-industrial** co suficiente nivel de detalle para permitir a identificación de proxectos candidatos que poidan achegar solucións viables ao devandito reto.
- **Xustificación do encaixe do reto** na estratexia da entidade asinante, detallando os beneficios esperados da súa resolución e, se procede, a súa relación coas políticas públicas de innovación e desenvolvemento en Galicia.
- **Apoio activo aos proxectos seleccionados**, mediante a posta a disposición de recursos propios que complementen os fondos públicos achegados por Igape e Xesgalicia. Estes recursos poderán consistir, entre outros, en:
 - Designación dun ou varios mentores cun compromiso documentado de dedicación mínima de ___ horas.
 - Acceso a instalacións técnicas ou operativas da entidade.
 - Apoio á validación comercial ou á pilotaxe da solución.
 - Achegas económicas ou materiais.
 - Participación en gobernanza ou seguimento a través dun "interim manager" ou figura equivalente.
- **Participación nas actividades do programa** segundo o establecido no convenio marco, actuando sempre baixo a coordinación do **Equipo Xestor da BFBIOTRACK** e a supervisión do sistema de gobernanza definido (Consello Executivo e Consello de Entidades).

Que, mediante a sinatura do presente documento, acepta todas as condicións e compromisos anteriormente citados e se adhire formalmente ao programa **BFBIOTRACK**, con efectos desde a data de sinatura.

_____, a ___ de _____ de 20__

Por parte da entidade:

Por parte de BUSINESS FACTORY BIOTRACK



ANEXO IX. CADRO DE INDICADORES DE FUNCIONAMENTO DA BFBOTRACK

Os indicadores aquí presentados están relacionados coas actividades definidas no convenio.

Os resultados esperados por edición serán;

Actividade 1; consulta ao mercado.

- ≥ 10 empresas tractoras implicadas.
- 1 reto definido e validado por comité técnico.

Actividade 2; captación e selección de proxectos.

- ≥ 40 proxectos recibidos.
- ≤ 30 proxectos preseleccionados para entrevistas.
- ≤ 20 proxectos participantes no Startup Day.
- 8 proxectos seleccionados.

Actividade 3; execución do itinerario.

- 8 probas de concepto realizadas.
- ≥ 6 startups completan o itinerario.
- ≥ 8 mentores implicados.
- ≥ 10 sesións de mentorización por proxecto.
- ≥ 100 horas de mentorización acumuladas.
- ≥ 4 proxectos inician colaboración coas tractoras.
- ≥ 3 proxectos captan financiamento adicional.
- ≥ 8 novas contratacións asociadas.
- ≥ 6 proxectos continúan traxectoria post-BIOTRACK.

Actividade 4; actividades transversais e de xeración de comunidade.

- ≥ 12 actividades transversais (mínimo 1 ao mes).
- ≥ 20 participantes por actividade.
- ≥ 100 horas de formación e networking acumuladas.

